

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Trala vaga de lumes, como a vivida o 15 de outubro na Comunidade galega, a parte do efecto inmediato na vida vexetal, existen outras consecuencias directas que afecta ao mar. A choiva arrastra gran cantidade de cinzas e outros residuos, ladeira abaixo ata chegar a un río e ao mar. A partir de aí, os materiais contaminados con substancias potencialmente perigosas chegan a ecosistemas produtivos. como o marisco e, especialmente, os moluscos (mexillóns, berberechos, recoiro, entre outros), peixes e outros. No caso do marisco e en concreto dos moluscos, de grande importancia para a economía galega, a contaminación prodúcese por filtración, xa que reteñen gran cantidade de materia orgánica.

A pesar dos riscos potenciais, e para evitar que as substancias tóxicas cheguen ao mar e teñan efectos negativos no ecosistema mariño, é necesario establecer medias preventivas á máxima urxencia.

No Decreto 438/2003, do 13 de novembro, polo que se aprobaba o Plan básico de continxencias por contaminación mariña para a defensa dos recursos pesqueiros, marisqueiros, paisaxísticos, acuícolas e ambientais de Galicia, establécese o seguinte:

No artigo 21º.- Resposta operativa aos vertidos terra-mar, establécese que ante unha vertedura ou incidente que teña a súa orixe en terra e sexa susceptible de producir contaminación mariña no mar, poñerase en marcha unha serie de protocolos de actuación que dean resposta operativa á activación dos medios humanos e técnicos de loita contra a contaminación.



Grupo Parlamentario

No artigo 22º recóllese a resposta operativa aos vertidos mar-terra.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que se debe activar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia (Plan Camgal) que establece as normas e procedementos básicos de actuación, a estrutura de organización e ou sistema de resposta fronte a un episodio de contaminación mariña accidental que se produza ou afecte ao litoral galego.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Que medidas vai adoptar o Goberno galego para evitar a contaminación do mar, como consecuencia dos incendios ocorridos a mediados de outubro no litoral galego?

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 18/10/2017 18:00:39

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2017 18:00:52